| lugares; nárranse acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e exprésanse sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | persoas, obxectos e lugares; nárranse acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e exprésanse sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | lugares; nárranse acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e exprésanse sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | lugares; nárranse acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e exprésanse sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. |
| Entende sen ningún problema todo o esencial de correspondencia formal na que se lle informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional. | Entende con algún problema o esencial de correspondencia formal na que se lle informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional. | Entende con bastante dificultade o esencial de correspondencia formal na que se lle informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional. | Non entende o esencial de correspondencia formal na que se lle informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional. |
| Capta á perfección as ideas principais de textos xornalísticos curtos en calquera soporte. | Capta case ao completo as ideas principais de textos xornalísticos curtos en calquera soporte. | Cústalle captar as ideas principais de textos xornalísticos curtos en calquera soporte. | Non capta as ideas principais de textos xornalísticos curtos en calquera soporte. |

**BLOQUE 4: PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

| ACADAO | NON O ACADA TOTALMENTE | ACADAO CON DIFICULTADE | NON O ACADA |
|---|---|---|---|
| Completa axeitadamente un inquérito sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, ocupación, intereses ou afeccións. | Completa con algúns erros un inquérito sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, ocupación, intereses ou afeccións. | Completa con dificultade un inquérito sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, ocupación, intereses ou afeccións. | Non é quen de completar un inquérito sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, ocupación, intereses ou afeccións. |
| Escribe axeitadamente apuntamentos e mensaxes curtas nas que se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá e do seu interese. | Escribe con algúns erros apuntamentos e mensaxes curtas nas que se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá e do seu interese. | Escribe con moitos erros apuntamentos e mensaxes curtas nas que se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá e do seu interese. | Non é quen de escribir apuntamentos nin mensaxes curtas nas que se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá e do seu interese. |
| Escribe axeitadamente apuntamentos, anuncios e mensaxes curtas relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta. | Escribe con algúns erros apuntamentos, anuncios e mensaxes curtas relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta. | Escribe con moitos erros apuntamentos, anuncios e mensaxes curtas relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta. | Non é quen de escribir apuntamentos, nin anuncios e mensaxes curtas relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta. |
| Escribe axeitadamente informes moi curtos con información sinxela e | Escribe con algúns erros informes moi curtos con información sinxela e | Escribe con moitos erros informes moi curtos con información sinxela e | Non é quen de escribir informes moi curtos con información sinxela e |

| | | | |
|---|---|---|---|
| relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, describindo de maneira sinxela situacións, persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de maneira esquemática. | relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, describindo de maneira sinxela situacións, persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de maneira esquemática. | relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, describindo de maneira sinxela situacións, persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de maneira esquemática. | relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, describindo de maneira sinxela situacións, persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de maneira esquemática. |
| Escribe axeitadamente correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, etc. | Escribe con algúns erros correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias personais, etc. | Escribe con moitos erros correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias personais, etc. | Non é quen de escribir correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias personais, etc. |

# 5. Concrecións metodolóxicas

## 5.1 Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial

**Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial**

Adoptarase un enfoque plurimetodolóxico e globalizador para poder atender a diversidade do alumnado, seguindo os principios de actividade e participación, favorecendo o traballo individual e cooperativo e integrando en todas as actividades referencias á vida cotiá e aos intereses e motivacións do alumnado, fomentando todas as posibilidades de expresión oral e escrita.

Tentarase crear un ambiente de traballo e convivencia que facilite as aprendizaxes.

PRINCIPIOS DIDÁCTICOS XERAIS

O proceso de ensinanza - aprendizaxe deberá cumprir os seguintes **requisitos**

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Favorecer situacións nas que o alumnado actualice os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para o alumnado, co fin de que resulten motivadoras.

En coherencia co exposto, os **principios** que orientarán a práctica educativa son os seguintes:

- Metodoloxía activa. Supón atender a aspectos referidos ao clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe., con claridade e amenidade.
- Motivación. Considerarase fundamental arbitrar dinámicas que fomenten o traballo individual e de grupo. Aspecto relacionado co anterior, xa que supón promover intereses en relación co desenvolvemento persoal y coa súa integración social
- Atención á diversidade do alumnado. A intervención educativa asume como un dos principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e expectativas.
- Avaliación do proceso educativo, analizando todos os aspectos do proceso educativo e permite a retroalimentación, a aportación de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

De tal modo, establécense sete **criterios** ou **directrices xerais**:

- Adecuación ao contexto educativo do centro, é dicir, ao contexto socioeconómico e cultural e ás expectativas do alumnado.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos e inclusión dos temas transversais.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna da materia.
- A adecuación aos criterios de avaliación da programación.
- A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.

## 5.2 Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

**Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático**

No caso de non poder asistir o centro os alumn@s serán invitados a asistir a clases online.
Empregarase algunha das plataformas gratuítas para poder levar a cabo as clases telemáticas .
Será **obrigatoria** a asistencia e pasarase lista o comenzo de cada sesión.
Explicárase , atenderanse dúbidas , correxiránse os exercicios e poderanse facer exercicios de “ listening”, “ speaking “.....
A participación e implicación dos alumn@s será fundamental e moi importante.
Ademáis das sesións online subiranse tarefas de todo tipo a E-dixgal ( listenings, gramática, xogos ,crucigramas,

readings…..). Estas actividades serán de fundamentales e obrigatorias para poder superar satisfactoriamente as avaliacións.

Nos casos nos que os alumnos non poidan conectarse, farase unha valorción das circunstancias coa axuda do equipo directivo e tutores e estudiarase o mellor modo de que poidan continuar coa súa apredizaxe doutro xeito ( enviar tarefas por correo electrónico, Whatsapp…...)

No caso de non poder asistir o centro, a nota da avaliación será o cincuenta por cento unha proba escrita e outro cincuenta por cento a implicación , participación ,entrega puntual de tarefas e asistencia as clases telemáticas.

## 5.3 Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

| Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial |
|---|
| **- Na aula:**<br><br>*Explicaránse os contidos gramaticais que correspondan nese momento.<br>*Resolveránse todas as dúbidas que plantexen os alumn@s e que lles xurdiron durante o seu traballo na casa.<br>*Proposta de novas tarefas para facer na casa e afianzar contidos.<br>* Realización de exames.<br><br>**- No domicilio :**<br><br>* Traballarase e entregaranse os exercicios a través da plataforma E-dixgal.<br>* Unha conta de correo creada para esta situación e E-dixgal serán as vias de comunicación entreprofesor /a e os alumn@s.<br>*O profesor/a recibe ,corrixe e atende todas as necesidades que os seus alumn@s lle plantexen.<br>* O alumn@ fará as tarefas e as enviará o punto de entrega acordado e no prazo establecido. |

# 6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

| Materiais e recursos didácticos (para o ensino presencial, telemático e semipresencial) |
|---|
| **MATERIAIS ESCRITOS:**<br><br>- Libro de texto New Action 1. Burlington books.<br>- Workbook New Action 1 Burlington books<br>- Teacher´s all in one pack.<br>- Libro de lectura obrigatorio “Five children and It”. Ed. Burlington |

- Recursos educativos plataforma E.Dixgal.

**PÁXINAS WEB :**

islcollective.com
vaughanclassroom.com
aulafacil.com
mansioningles.es
youtube.com

# 7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

## 7.1 Criterios de avaliación

**Avaliacións parciais (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

**Ensino presencial ou semipresencial.**

1. Faranse duas probas obxectivas ó longo de cada evaluación do curso.

2. A actitude, interese, traballo diario na aula e esforzo persoal, así comoa realización de tarefas para casa, a presentación e organización do caderno de traballo, a participación na clase, e a presentación de traballos voluntarios serán tidos en conta positivamente na calificación da evaluación. O alumn@ que non cumpra os requisitos antes mencionados poderá restárselle ata un punto na nota media da avaliación.

3. O libro de lectura será un material de traballo mais ao longo do curso. Leerase e traballarase na aula. Farase o rematar unha pequena proba con activiades de comprensión, vocabulario, preguntas de elección múltiple, verdadeiro / falso..... Esta proba contará como actividade de aula.

4. Non se farán exames de recuperación para a primeira e segunda avaliación por ser o Inglés unha asignatura de avaliación continua. Os alumnos con duas avaliacións suspensas deberán acadar un mínimo de 6 na nota media das tres avaliacións, para recuperar a materia na terceira avaliación.

**Ensino telemático.**

No caso de non poder asistar o centro, e como xa se referiu anteriormente, a nota da avaliación será o cincuenta por cento unha proba escrita e outro cincuenta por cento a entrega de traballos nos plazos establecidos así como a implicación , participación e asistencia as clases telemáticas.

**Avaliación final (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

**Avaliación ordinaria.**

A nota da avaliación ordinaria será a nota media obtida da primeira, segunda e terceira avaliacións

**Avaliación extraordinaria (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

Tal e como establece a lexislación vixente, realizarase unha proba extraordinaria global no mes de xuño para aqueles alumnos que durante o curso académico non superan os obxectivos e contidos previstos.
A proba terá só caracter escrito.
Constará dos apartados que seguen :
a. Grammar and vocabulary. ( toda a materia dada e traballada na clase ó longo do curso, sexa das unidades ou outra facilitada por o profesor. )
b. Reading task.
c. Writing task.

**Ensino telemático**

No caso de que no mes de xuño do 2022 non se poda asistir o instituto para a realización da proba descrita no apartado anterior, esta farase online e incluirá os mesmos apartados.

## 7.2 Criterios de cualificación

**Criterios de cualificación (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

**Termos empregados na avaliación dos distintos instrumentos:**

| **CUALIFICACIÓN** | SIGNIFICADO |
|---|---|
| **IN** | Insuficiente (1-2-3-4) |
| **S** | Suficiente (5) |
| **B** | Ben (6) |
| **N** | Notable (7-8) |
| **Sb** | Sobresaliente (9-10) |

## 7.3

**Criterios de promoción (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

Promocionará aquel alumn@ que obteña un 5 ou mais como resultado da nota media da primeira, segunda e terceira avaliacion.

# 8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

| Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente | | |
|---|---|---|
| **ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN** | | |
| **Indicadores** | **Valoración** | **Propostas de mellora** |
| 1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas. | | |
| 2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento. | | |
| 3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos. | | |
| 4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe. | | |
| 5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado. | | |
| 6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos. | | |
| 7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina. | | |
| **ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO** | | |
| **Indicadores** | **Valoración** | **Propostas de mellora** |
| 1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade. | | |
| 2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos…). | | |
| 3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade. | | |
| 4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas. | | |
| 5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado. | | |
| 6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase. | | |
| 7. Promove a reflexión dos temas tratados. | | |
| **ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO** | | |
| **Indicadores** | **Valoración** | **Propostas de mellora** |
| 1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas… | | |
| 2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos... | | |
| 3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. | | |
| 4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica. | | |
| 5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula. | | |
| 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes. | | |
| 7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos. | | |

| | | |
|---|---|---|
| 8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa. | | |
| 9. Plantexa actividades grupais e individuais. | | |
| **ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE** | | |
| **Indicadores** | **Valoración** | **Propostas de mellora** |
| 1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes. | | |
| 2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica. | | |
| 3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela. | | |
| 4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas. | | |
| 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | |
| 6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos. | | |
| 7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | |
| 8. Propón novas actividades que facilites a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente. | | |
| 9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sudo acadados con suficiencia. | | |
| 10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc. | | |
| 11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudiantes e ás familias. | | |

# 9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

| Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes |
|---|
| Na ESO, as materias son de contido progresivo polo que a súa superación nun curso supón a superación da materia do curso anterior se estivese pendente.<br>Ademais da avaliación continua correspondente ao curso no que se está matriculado, realizarase outra avaliación continua particular para a materia pendente, avaliación que será independente da anterior. A superación de esta avaliación continua particular suporá o aprobado da materia pendente.<br>Para a preparación desta avaliación continua, entregarase aos alumnos unha serie de traballos, que serán supervisados polo profesor da aula para a súa realización e corrección.. Os traballos serán valorados. A nota obtida en eles suporá o 10 por cento da nota da avaliación correspondente.<br>Ademais das dúas opcións xa citadas (avaliación continua do curso actual e avaliación continua particular para a materia do curso anterior), existe unha terceira vía para aprobar a materia pendente: a convocatoria oficiai que se realizará no mes de xuño. Nesta convocatoria oficial realízase proba sobre toda a materia.<br>O profesor encargado de supervisar o progreso destes alumnos é o profesor que imparte á materia no curso actual. |

Os alumnos que non cursen a materia no curso actual serán supervisados polo xefe ou xefa do departamento.

## 10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

| Deseño da avaliación inicial |
|---|
| Farase unha valoración nos coñecementos adquiridos na Primaria a través dunha proba escrita que incluirá gramática, vocabulario, comprensión lectora e expresión escrita, unha proba sinxela de comprensión oral, que se realizará nos primeiros días de inicio das clases en setembro, antes de empezar os contidos propios de Primeiro ESO. |
| **Medidas individuais e colectivas** |
| Ao longo do curso e tendo en conta as necesidades e características do grupo e tamén de cada un dos alumnos iranse reforzando todos aqueles contidos nos que e aprecie que se precisa algún tipo de carencia, repetir explicacións, reforzar con fichas...... |

## 11. Medidas de atención á diversidade

| Medidas de atención á diversidade |
|---|
| En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.<br>Unha das ferramentas para auxiliar na detección de alumnos con problemas é a avaliación inicial que, con carácter informativo, faise os alumnos de primeiro e segundo curso da ESO.<br>En función das características, do número de individuos que precisan atención, e da dispoñibilidade do centro (tanto persoal como material) poden facerse agrupamentos específicos para tal fin. |

## 12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

| Elementos transversais que se traballarán |
|---|
| • Traballarase a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as |

tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promoverase unha aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento de todo tipo de violencia, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito.

.

Estes valores teranse en conta en toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de seleccionar lecturas e materiais curriculares, de planificar secuencias didácticas, de agrupar ao alumnado, de seleccionar estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos rapaces.

Son estratexias útiles: asembleas, diálogos e xogos de rol playing, treinamento en habilidades sociais, dinámicas de grupo, análise de situacións con valores en conflito, mediación na resolución de conflitos, visionado e análise de material audiovisual, participación en actividades propostas por ONG...

A inclusión dos valores nesta materia ofrécenos unha magnífica oportunidade para reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación, de ter en conta todo aquilo que nos permite ser persoas: traballar a afectividade, os sentimentos, a creatividade, a autoestima e a autonomía persoal respectando a cada un tal como é, pero tamén a pertenza ao grupo, a importancia de sentirse querido e respectado, a iniciativa persoal.

## 13. Actividades complementarias e extraescolares

| Actividades complementarias e extraescolares |
|---|
| Realizaranse actividades relacionadas con Halloween , Christmas....... |

## 14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

| Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación |
|---|
| |

Realizarase despois de cada avaliación un seguimento e unha reflexión sobre os resultados académicos dos alumnos e alumnas.

Adoptaranse as medidas oportunas para reorientar a práctica docente e así poder mellorar o seu rendemento académico.

Ao final de curso farase unha valoración crítica da programación atendendo aos seguintes aspectos:

- Temporalización das unidades didácticas.
- Desenvolvemento dos obxectivos didácticos.
- Manexo dos contidos.
- Realización de tarefas.
- Estratexias metodolóxicas seleccionadas.
- Recursos.
- Claridade nos criterios de avaliación.
- Uso de diversas ferramentas de avaliación.
- Atención á diversidade